

**Acta núm. 19/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 25 de novembro de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebal Gómez.

Non asisten:
Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 25 de novembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2025, DO 11/11/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 5º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 9º) PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.
- 10º) PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 11º) LICENZA DE VAO PERMANENTE.
- 12º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2025, DO 11/11/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 11.11.2025, acta núm. 18/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por David Alonso Reviriego, que di actuar en representación de ISLA SOLAR TECNOLÓGICA S.L., na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (8 módulos) para autoconsumo sobre a cuberta da vivenda sita no lugar de Soigrex 15 – Bastavales, segundo a memoria técnica asinada polo arquitecto técnico Pablo López Alonso en data 02.10.2025.

A parcela (referencia catastral 7313404NH2471S0001OB) onde se pretenden executar as obras asentase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM e sitúase na aldea de Soigrex 15 que está incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave XBE4.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 17.11.2025 (expediente XTC-2025-2382.AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 130,24 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 194,81 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ JAVIER LÓPEZ CRENDE, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (9) para autoconsumo sobre a cuberta plana da vivenda sita no lugar de Sabaxáns 88 – Bastavales. As placas, segundo a memoria técnica achegada, instalaranse sobre unha estrutura lixeira metálica situada na cuberta, cunha inclinación de 18º.

A vivenda (referencia catastral 15013B503735970000MS) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 134,02 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 198,59 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Dorna Solucións S.L. que di actuar en representación de JUAN GUTIÉRREZ MARTÍN, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (8) para autoconsumo na vivenda sita na Avda. dos Ánxeles, 38-I, Os Ánxeles – Brión. As placas, consonte coa memoria técnica asinada por Rafael Lago Loureiro (instalador) e polo técnico superior en enerxías renovables J. Javier Martínez Míguez, instalaranse parcialmente sobre a cuberta da vivenda, no faldón sur (4 unidades), e parcialmente sobre a cuberta do porche traseiro (4 unidades), dispoñéndose en ambos casos de maneira coplanaria ou paralela á pendente das correspondentes cubertas.

A vivenda (referencia catastral 6546332NH2464N0001FD) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 184,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 248,67 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Octopus Energy España, S.L.U., que di actuar en representación de JUAN JESÚS BARRAL VARELA, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (14 uds.) para autoconsumo sobre a cuberta da vivenda de Cirro 30 – San Salvador de Bastavales. As placas, de acordo coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Manuel Méndez Legua, en data 29.10.2025, disporanse sobre un dos faldóns da cuberta, de maneira coplanaria, e quedarán fixadas a mesma mediante estrutura de aluminio.

A parcela (referencia catastral 7731325NH2473S0001YU) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 138,46 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 203,03 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN CARLOS SÁNCHEZ LIÑARES, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta, nunha parcela sita na aldea de Aguiar nº 25 – Brión. A piscina terá unhas dimensións de 6 m. de longo x 3 m. de ancho e unha profundidade de 1,40 m.

A parcela (referencia catastral 6568601NH2466S0001MQ) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e sitúase na aldea de Aguiar, que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como: BE-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 07.10.2025 (expediente XTC-2025-1920.AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A instalación da piscina deberá axustarse ao documento técnico presentado e en todo caso a mesma deberá de afastarse como mínimo a 5 metros do eixo do camiño e a 3 metros dos lindeiros particulares da parcela.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 217,59 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 282,16 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SOLEDAD GARCÍA PRADA, na que comunica que vai executar labores de limpeza e pintado da fachada lateral oeste da vivenda sita na Avda. de Noia 53, para mellorar as condicións de impermeabilización da mesma. A parcela (referencia catastral 6546302NH2464N0001OD) sobre a que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A cor de acabado a empregar na fachada deberá de ser nun ton preferentemente claro.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,60 euros.

Total: 11,60 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por RODRIGO CARBALLAL VILAVEVERDE, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Brión de Abaixo nº 11 – Brión.

Con data 26/07/2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a RODRIGO CARBALLAL VILAVEVERDE e ELENA GIPPINI POSE, para rehabilitar unha vivenda unifamiliar en Brión de Abaixo nº 11– Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Iván Camba Dopazo, con data de visado 12.05.2022 (expte. nº2202713), e documentación complementaria visada con data 30.06.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto José Antonio Gómez Domínguez con data 20.05.2025, visado polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.07.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Autorizar ao interesado o mantemento en precario do muro existente na porción obxecto de cesión ao concello con destino a viario público, co compromiso de proceder á súa demolición sen indemnización ningunha no intre en que o concello o requira, quedando entre tanto o muro en situación de fora de ordenación sen que poida levar a cabo no mesmo máis obras que as permitidas polo artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, para tales construcións.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GABRIELA VANESSA VELASQUEZ MARCANO, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de “RESTAURANTE” do local comercial nº 2 da planta 3, sito no Centro Comercial Monte Balado – Os Ánxeles.

A actividade viña funcionando a nome de Rosalf Nazareth Carpio Guerra, e pretendese poñer a nome de GABRIELA VANESSA VELASQUEZ MARCANO.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de “RESTAURANTE” do local comercial nº 2 da planta 3 sito no Centro Comercial Monte Balado - Os Ánxeles, nos mesmos termos e condicións nos que foi concedida, a nome de GABRIELA VANESSA VELASQUEZ MARCANO; DNI: ***5470**.

QUINTO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar sita en Fonte Paredes nº 30 - Ons, abrindo unha gabiá de 8 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez en data 22.10.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 1792606NH2419S0001HJ) emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación na zona oeste (Ordenanza nº 9).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 311,44 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 62,29 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 126,86 euros.

SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Mourelle Vázquez, que di actuar en representación de LORENA CALVO LÓPEZ e ADRIÁN MARTÍNEZ CEBEY, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina en Chave de Carballo 38 – Bastavales, segundo proxecto básico asinado pola arquitecta Cristina Mourelle Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11.04.2025 e 28.08.2025 (expte. núm. 2501977).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 9219910NH2491N0000RL) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e atopase dentro da zona de policía do rego de Coinas (idcurso: 100378454).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia, de data 17.10.2025 (clave DH.W15.108639), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- **Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficio de dirección da obra, oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde).**

Coa devandita comunicación previa achegarse, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análoga incidencia.

.- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico asinado pola arquitecta Cristina Mourelle Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11.04.2025 e 28.08.2025 (expte. núm. 2501977), e ás condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia de data 17.10.2025 (clave DH.W15.108639).

.- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (76,65 m² asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela, (formación de beirarrúa de 1,80 m de ancho), a execución das conexións de

abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar e piscina, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 76,65 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 19 de novembro de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 6.847,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 235,40 euros.

Total: 7.083,30 euros.

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Miguel Ángel Salgado Sánchez, que di actuar en representación de SEGUNDO RAMÓN BARREIRO LÓPEZ, na que solicita a modificación da licenza concedida para a construción de 5 cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre tradicional, destinados a campamento de turismo de cabanas ("cabanas do río pego") en Vilanova – Os Ánxeles, segundo modificado do proxecto para a construción de campamento de turismo de cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre existente para usos complementarios do mesmo, asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 23.10.2025 (expte. 2305857).

Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local de data 30/01/2024 concedeulle licenza a SEGUNDO RAMÓN BARREIRO LÓPEZ, para a construción de 5 cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre tradicional, destinados a campamento de turismo de cabanas ("cabanas do río pego") en Vilanova – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.11.2023 e 14.12.2023 (expte. 2305857).

2.- En data 03/09/2025 solicítase modificación da licenza no seguinte senso:

- Renuncia á rehabilitación da edificación principal.
- Modificación da actuación de rehabilitación no alpendre tradicional.
- Instalación dunha caseta prefabricada de cuberta con pendente similar á do alpendre e cubrición en tella, situada a máis de 3 metros dos lindeiros.

Modificando as condicións de rehabilitación e implantación iniciais e o volume ampliado no solo de núcleo rural, segundo o "Modificado do proxecto para a construción de campamento de turismo de cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre existente para usos complementarios do mesmo", asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 23.10.2025 (expte. 2305857).

A Xunta de Goberno Local, á vista do segundo informe previo para a instalación de campamento de turismo "Cabanas do río Pego" para unha estrela, emitido por Turismo de Galicia da Xunta de Galicia, asinado o 05.09.2025, da nova autorización de Augas de Galicia (Expte. DH.W15.112545) do 31.10.2025, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 30/01/2024, a favor de SEGUNDO RAMÓN BARREIRO LÓPEZ para a construción de 5 cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre tradicional, destinados a campamento de turismo de cabanas ("cabanas do río pego") en Vilanova – Os Ánxeles, conforme co "Modificado do proxecto para a construción de campamento de turismo de cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre existente para usos complementarios do mesmo", asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 23.10.2025 (expte. 2305857), e manténdose no demais as condicións da licenza inicial que despregará tódolos seus efectos salvo no referido ás presentes modificacións, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Notificar ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

OITAVO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ROSA MARÍA GARCÍA CARBÍA e LUIS SUMAY VIDAL, na que solicitan licenza de segregación de dúas parcelas sitas no lugar de Estrar – Os Ánxeles, resultando de dita segregación catro parcelas (incluídas dúas de cesión), segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 16.09.2025 (nº 20250814).

Descrición das parcelas de orixe:

Finca número seiscientos setenta e dous (672).

Referencia catastral: 6940502NH2464S0001QZ.

Superficie (segundo medición recente): 295 m².

Lindes:

Norte: camiño construído por concentración parcelaria e Ramón García Quintáns (671).

Sur: zona excluída (finca de máis de Luis Sumay Vidal e esposa descrita a continuación) y Serafina Baameiro Portas (673).

Leste: zona excluída.

Oeste: Benigno Vilouta Nimo (662).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-1).

Horta da relleira.

Referencia catastral: 6940504NH2464S0001LZ.

Superficie (segundo medición recente): 601 m².

Lindes:

Norte: Amelia Carbia Arca (672), na actualidade Luis Sumay Vidal e esposa (finca anterior).

Sur: camiño público.

Leste: Manuel Castro Veiga.

Oeste: Serafina Baameiro Portas (673) e herdeiros de Benigno Vilouta.

No interior desta parcela existen dúas edificacións. Unha edificación destinada a hórreo, que ocupa unha superficie de catro metros cadrados (4m²), e un cobertizo, destinado a uso agrario que ocupa unha superficie de trinta e dous metros cadrados (32m²).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-1).

Segregación pretendida:

Parcela matriz resultante.

Superficie neta: 448 m².

Lindes:

Norte: camiño construído por concentración parcelaria, previa parcela destinada a viais e Ramón García Quintáns (671).

Sur: finca segregada e Serafina Baameiro Portas (673).

Leste: zona excluída, hoxe Manuel Castro Cardeso (parcela catastral 05) e en parte tamén parcela de cesións.

Oeste: Benigno Vilouta Nimo (662) e Serafina Baameira Portas (673).

Clasificación urbanística: NRL-1.

Parcela segregada.

Superficie neta: 383 m².

Lindes:

Norte: parcela matriz resultante.

Sur: vial público, previa parcela de cesións.

Leste: zona excluída, hoxe Manuel Castro Cardeso (parcela catastral 05) e en parte tamén con vial.

Oeste: con Serafina Baameiro Portas (673).

No interior desta parcela existen dúas edificacións. Unha edificación destinada a hórreo, que ocupa unha superficie de catro metros cadrados (4m²), e un cobertizo, destinado a uso agrario que ocupa unha superficie de trinta e dous metros cadrados (32m²).

Clasificación urbanística: NRL-1.

Parcela cedida destinada a viais norte.

Superficie neta: 47 m².

Lindes:

Norte: camiño.

Sur e oeste: parcela matriz resultante.

Leste: con zona excluída, hoxe Manuel Castro Cardeso (parcela catastral 05).

Parcela cedida destinada a viais sur.

Superficie neta: 18 m².

Lindes:

Norte: parcela segregada.

Sur e leste, vial público.

Oeste: Serafina Baameiro Portas (673).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e aceptar a cesión dos terreos de 47 m² e 18m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 258,28 euros.

Total: 258,28 euros.

NOVENO.- PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARTA FERNÁNDEZ CASTRO que di actuar en representación de NORVENTO, S.L., na que solicita prórroga para o remate das obras de execución dun parque eólico, denominado parque eólico Olerón, a emprazar de xeito conxunto nos termos municipais de Rois e Brión.

Antecedentes:

Con data de 19.11.2024 a Xunta de Goberno Local autorizou ao interesado mediante o trámite de comunicación previa a execución dun parque eólico, denominado parque eólico Olerón, a

emprazar de xeito conxunto nos termos municipais de Rois e Brión, consonte co proxecto de execución asinado polo enxeñeiro industrial Pablo María Fernández Castro, que conta con visado colexial de data 16.01.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses para o remate das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

DÉCIMO.- PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de NATIVIDAD PARDAL PARDAL, na que solicita prórroga para o remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Souto nº 18- Os Ánxeles.

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en data 22.11.2022 concedeu licenza de obra a Natividad Pardal Pardal e Óscar Pedreira Regueira para construír unha vivenda unifamiliar en Souto nº 18, parroquia dos Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado con data de 02.11.2022 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. (Expte 2206078).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado deste acordo, para o remate das obras.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de BEGOÑA CASTRO GENS, na que solicita prórroga para o remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Souto nº 19 - Os Ánxeles.

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en data 22.11.2022 concedeu licenza de obra a Begoña Castro Gens e Alberto García Busto para construír unha vivenda unifamiliar en Souto nº 19, parroquia dos Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado con data de 27.10.2022 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. (Expte 2205955).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado deste acordo, para o remate das obras.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Carlos Mariano Valderrama Ferrando, que di actuar en representación de JORGE ABOAL VIÑAS, na que solicita prórroga para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar, edificacións auxiliares, pérgola e piscina na rúa Santiago nº 1 - Os Ánxeles.

Antecedentes:

-. En data 22.10.2024 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de obra a Jorge Aboal Viñas e María Florentina Alonso Alperi para construír unha vivenda unifamiliar, edificacións auxiliares, pérgola e piscina na rúa Santiago nº 1 (parroquia dos Ánxeles), segundo proxecto básico modificado asinado polo arquitecto Carlos Valderrama Ferrando con data 26.08.2024 e documentación complementaria (plano R.3.5) de data 18.09.2024.

-. En data 29.04.2025 a Xunta de Goberno Local concedeu unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte da notificación ao interesado do acordo para o inicio das obras.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade.

1º) Conceder unha segunda prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado deste acordo, para o inicio das obras.

DÉCIMO PRIMEIRO. - LICENZA DE VAO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por LUCÍA MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que solicita o cambio de localización do vao permanente actualmente situado na Avda. dos Ánxeles, parcela coa referencia catastral nº 6546338NH2464N0001XD, autorizado pola Xunta de Goberno Local en data 04.04.2023 (nº de licenza 1/2023), propoñendo o seu traslado a Avda. dos Ánxeles, parcela coa referencia catastral nº 6545311NH2464N0001JD.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 07.11.2025, por unanimidade, acorda:

1º) Autorizar o cambio de localización do vao permanente, licenza núm. 1/2023, nos termos establecidos na Ordenanza Xeral Municipal sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, (BOP nº 151, do 10/08/2010), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Notificar á interesada este acordo para o seu coñecemento e efectos.

DÉCIMO SEGUNDO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González